

PUNTOS CLAVE PARA AS SOLICITUDES Ó CGTD 2026/2027 (TECNIFICACIÓN)

- A data límite para enviar a documentación requerida á FGP é o:

MÉRCORES 22/07/2026.

*Unicamente os/as deportistas que participen no Campionato de Europa Junior & Sub23 de Sprint, poderán achegar a documentación como **data límite o 27/07/2026.***

- A documentación que deberá presentarse por parte dos clubs/familias é:
 - **ANEXO VI** en formato editable: **.doc** ou **.odt**. (nunca en **.pdf**).
 - **ANEXO VII** debidamente cuberto e asinado **EN FORMATO .PDF**
 - **CERTIFICADO DE EMPADROAMENTO DA PERSOA DEPORTISTA, EN FORMATO .PDF**
 - **COPIA DO BOLETÍN ACADÉMICO** (Xuño 2026) **ou CERTIFICADO ACADÉMICO EN FORMATO .PDF**
- A documentación enviarase mediante mail á dirección:
 - direcciondeportiva@fegapi.org
- Hai dous tipos de prazas:
 - **Residente:** para os/as que residen a un raio de máis de 3km do CGTD.
 - **Externos:** para os/as que residen a un raio de menos de 3km do CGTD, ou que vivan a máis e teñan circunstancias axeitadas para poder asistir todos os días ó CGTD con garantías.

- PUNTUACIÓNS:

- As competicións puntuables variarán nesta convocatoria en función da categoría do seguinte xeito:

TECNIFICACIÓN PIRAGÜISMO AUGAS TRANQUILAS - PROBAS COMPUTABLES				
Ano nacemento	Categoría no 2026	Campionato		
		Nacional	Autonómico	Internacional
2012	Infantil A	NON EXISTE	2 últimos Cto. Galegos Sprint celebrados	-
2011	Cadete B	**Copa España Sprint JJPP 2026 **Campionato de España de JJPP 2026	2 últimos Cto. Galegos Sprint celebrados	Igual que nas bases
2010	Cadete A	**Campionato España Sprint JJPP 2025 **Cto. España Sprint JJPP 2026	2 últimos Cto. Galegos Sprint celebrados	Igual que nas bases
2009	Xuvenil	Cto. España Sprint 2025 Cto. España Sprint 2024	2 últimos Cto. Galegos Sprint celebrados	Igual que nas bases

- Os Campionatos de España de Sprint (e a Copa JJPP no caso dos Cadetes B) puntúan do seguinte xeito:

- Cto. de España Sprint:
 - **1º posto:** 35 puntos.
 - **2º posto:** 30 puntos.
 - **3º posto:** 25 puntos.
 - **4º posto:** 20 puntos.
 - **5º posto:** 18 puntos.
 - **6º posto:** 16 puntos.
 - **7º posto:** 14 puntos.
 - **8º posto:** 12 puntos.
 - **9º posto:** 10 puntos.
 - **10º posto:** 8 puntos.
 - **11º posto:** 6 puntos.
 - **12º posto:** 4 puntos.

- Os Campionatos de Sprint puntúan do seguinte xeito:

- Cto. Galego Sprint:
 - **1º posto:** 17 puntos.
 - **2º posto:** 15 puntos.
 - **3º posto:** 13 puntos.
 - **4º posto:** 11 puntos.
 - **5º posto:** 10 puntos.
 - **6º posto:** 9 puntos.

- Para obter a puntuación do mérito deportivo, das competicións anteriormente mencionadas como puntuables, terase en conta o mellor resultado tanto nacional como autonómico.

Exemplo práctico:

A deportista X, kayakista muller da categoría Cadete B ten os seguintes resultados:

- 2º K1 500m. na Copa España Sprint JJPP 2026.
- 3º K1 500m. no Campionato de España JJPP Sprint 2026.
- 4º K1 500m. no Campionato Galego Sprint 2026.
- 2º K1 500m. no Campionato Galego Sprint 2025.

A súa puntuación por mérito deportivo sería de 45 puntos (30 do 2º da Copa España do 2026 e 15 do 2º do Cto. Galego do 2025).

Debido a que os deportistas nados no 2012, infantís A neste 2026, carecen de Cto. de España Sprint, o Cto. Galego de Sprint do 2025 e o do 2026 terá máis puntuación, a razón de:

- **1º posto:** 40 puntos.
- **2º posto:** 36 puntos.
- **3º posto:** 32 puntos.
- **4º posto:** 28 puntos.
- **5º posto:** 26 puntos.
- **6º posto:** 24 puntos.
- **7º posto:** 22 puntos.
- **8º posto:** 20 puntos.
- **9º posto:** 18 puntos.

As federacións **PODERÁN** outorgar ata 10 puntos adicionais a un máximo de 10 deportistas de tecnificación. Esta puntuación irá decrecendo 1 punto por cada deportista a que se lle asigna, asignándolles a cada un deles: 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2 e 1 punto. Esta puntuación é **decisión completamente técnica e a criterio dos técnicos/as do CGTD**, atendendo a diferentes variables en función de cada caso particular, como pode ser:

- Evolución nas últimas tempadas.
- Miras de futuro prometedoras.
- Detección de talentos.
- Situación no clube de procedencia (condicións nas que adestra...)
- Saída de lesión.
- ...

En caso de participación internacional, os deportistas poderán ter puntuación adicional por riba da acadada en Ctos. de España e/ou Galegos:

- **PROBA OLÍMPICA:**
 - Se competiron nos campionatos do Mundo: 14 puntos.
 - Se competiron nos campionatos de Europa: 12 puntos.
 - Sumaranse 4 puntos adicionais se acadan estar entre os 8 primeiros postos do campionato.
- **PROBA NON OLÍMPICA:**
 - Se competiron en Campionato do Mundo: 6 puntos.
 - Se competiron en Campionato de Europa: 4 puntos.
 - Sumaranse 2 puntos adicionais se acadan estar entre os 3 primeiros postos do campionato.

- MEDIA ACADÉMICA

As perosas deportistas poderán ter puntuación polos criterios académicos, é dicir, pola súa media no expediente:

- Se remata en xuño con todo aprobado e cunha nota superior a 8: **8 puntos**.
 - Se remata en xuño con todo aprobado e cunha nota media entre 6 e 8: **7 puntos**.
 - Se remata en xuño con todo aprobado e cunha nota media inferior ao 6: **5 puntos**.
 - Se remata en xuño con dúas ou menos materias suspensas, pero acada unha nota media superior a 7: **4 puntos**.

- No caso de deportistas que aspiren a renovar a súa praza de tecnificación, terase en conta a valoración final residencial sobre o grao de aproveitamento e adaptación aos servizos residenciais, avaliacións deportivas, conforme as normas de convivencia durante o curso 2024/25, emitida pola dirección do centro, cunha escala que irá **de 4 a -4 puntos**.

- A continuación expone como se ten que cubrir o anexo VI. É **moi importante** cubri-lo como está abaixo nos exemplos para diferentes modalidades:

- O campionato: SPRINT / SPRINT JJPP/ COPA JJPP
- A categoría: INFANTIL A / CADETE B / CADETE A / XUVENIL
- A data da competición en formato DD/MM/AAAA
- A modalidade (Barco e distancia) coma nos exemplos.
- O posto
- Os minutos, segundos e decimais de igual maneira que no exemplo:

Minutos : segundos , decimais

2. TRES MEJORES RESULTADOS EN LAS COMPETICIONES DE REFERENCIA (años 2024/2025), según lo recogido en los artículos 21 y 22 de esta convocatoria.
* Obligatorio cubrir todas las columnas

ÁMBITO AUTONÓMICO				RESULTADO	
CAMPEONATO GALLEGO	CATEGORÍA	FECHA	MODALIDAD	PUESTO	MARCA
SPRINT	INFANTIL A	DD/MM/AAAA	C1 1000	3º	05:14,35
SPRINT	XUVENIL	DD/MM/AAAA	K1 500	2º	02:01,33
SPRINT	CADETE	DD/MM/AAA	C1 200	1º	53,44

ÁMBITO NACIONAL				RESULTADO	
CAMPEONATO DE ESPAÑA	CATEGORÍA	FECHA	MODALIDAD	PUESTO	MARCA
SPRINT JJPP	INFANTIL A	DD/MM/AAAA	C1 1000	3º	05:14,35
SPRINT	XUVENIL	DD/MM/AAAA	K1 500	2º	02:01,33
SPRINT JPP	CADETE	DD/MM/AAA	C1 200	1º	53,44

ÁMBITO INTERNACIONAL: CON LA SELECCIÓN ESPAÑOLA				RESULTADO	
CAMPEONATO DE EUROPA	CATEGORÍA	FECHA	MODALIDAD	PUESTO	MARCA
	XUVENIL	DD/MM/AAAA	C2 500	4º	01:45,47

- Por último, recordade que as puntuacións obtidas en barcos de equipo, dividirase entre o nº de integrantes do barco.
 - o Por exemplo: unha campiona de España en K2, en lugar de levar 35 puntos, tería $35/2 = 17,5$.

Aínda que este documento sexa unha guía para poder presentar correctamente a documentación requirida, recomendamos que leades as Bases da convocatoria igualmente.

Atentamente,

Dirección Técnica FGP.